

Estimada familia:

O centro educativo onde a súa filla ou fillo cursa 4.º curso de educación secundaria obrigatoria foi seleccionado para participar nun estudo piloto que desenvolve a Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co obxectivo de avaliar o impacto que o cambio introducido pola LOMLOE cara unha avaliación plenamente competencial pode ter no alumnado.

Dirixímonos a vostedes para informalos da realización do estudo e agradecerlles de antemán a participación no mesmo da súa filla ou fillo. A súa participación neste proxecto non terá ningunha repercusión académica: non afectará as súas cualificacións nin á súa promoción e os resultados non serán comunicados a nivel individual. O alumnado realizará en dous días non consecutivos do mes de febreiro, dentro do horario lectivo, dous tipos de probas de matemáticas (un tipo cada día) e, adicionalmente, o segundo día completará un breve cuestionario de valoración das probas realizadas. Probas que aplicará o propio profesorado de matemáticas do centro que habitualmente imparte clase de matemáticas á súa filla ou fillo. As respostas do alumnado serán inmediatamente anonimizadas, polo que os resultados das mesmas non poderán vincularse á súa filla ou fillo.

Este estudo piloto é importante para coñecer e medir con precisión o impacto dos cambios nos enfoques do proceso ensino-aprendizaxe introducidos pola LOMLOE e valorar as medidas que estes cambios precisan tanto na elaboración das probas, como nos tempos ou nas adaptacións necesarias para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A utilización dos datos realizarase de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos mesmos, incorporado ao ordenamento interno polo Real Decreto-lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos. Así mesmo, terase en conta a Lei 12/1989, do 9 de maio, da Función Estatística Pública, así como as normativas que se derivan de todas elas. Con todo, a información recollerase e tratarase de xeito anónimo e todo o tratamento da información, análise de datos e conclusións dos mesmos serán custodiados dentro da Rede Corporativa da Xunta de Galicia.

Moitas grazas de antemán pola súa colaboración.

Reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O subdirector Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo

Manuel Enrique Prado Cueva

